

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª,
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,
GANDARÍA E MONTES**

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 4 de maio de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

29796 (10/CPC-000050)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da Sra. directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias para informar sobre a situación relacionada coa couza guatemalteca da pataca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 296, do 25.04.2018

Punto 2. Preguntas

- 2.1 28345 (10/POC-004557)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos a favor da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 285, do 28.03.2018
- 2.2 28702 (10/POC-004607)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para resolver as solicitudes de axuda para a retirada dos montes da madeira queimada sen valor comercial, as súas intencións en relación coa asunción da súa trituración cando as comunidades de montes non sexan quen de sacala polos seus propios medios e a súa opinión respecto da posibilidade de modificar, en casos de urxencia por incendios forestais, o seu sistema de comercialización en montes con convenio contando coa participación das comunidades de montes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 289, do 11.04.2018
- 2.3 29114 (10/POC-004664)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para lles evitar ás explotacións agrarias que fan transferencia dos dereitos de pagamento único dentro da mesma explotación ou sociedade o prexuízo económico que lles está a ocasionar a súa inclusión na liquidación e no pagamento da cota tributaria correspondente co IRPF

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2018

Moisés Blanco Paradelo
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

| | |
|------------------------|---|
| Presidente | |
| Moisés Blanco Paradelo | P |
| Vicepresidente | |
| Daniel Vega Pérez | P |
| Secretario | |
| José Manuel Pérez Seco | S |

Vogais

| | |
|-----------------------------------|-----|
| María Encarnación Amigo Díaz | P |
| Raquel Arias Rodríguez | P |
| Silvestre José Balseiros Guinarte | P |
| Carlos Gómez Salgado | P |
| José González Vázquez | P |
| Paula Quinteiro Araújo | EM |
| José Antonio Quiroga Díaz | S |
| José Luis Rivas Cruz | BNG |
| David Rodríguez Estévez | EM |

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 29796(10/CPC-000050)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias
para informar sobre a situación relacionada coa couza
guatemalteca da pataca


Publicación da iniciativa, 296, 25.04.2018



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes -da directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para informar sobre **"a situación relacionada coa couza guatemalteca da pataca"**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por: GARCIA, SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Asinado digitalmente por: GARCIA, SEÑORANS ALVAREZ, BLANCA
Data e hora: 20/04/2018 09:11:35

CVE: 9ZvwwKJQ09
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 28345(10/POC-004557)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos a favor da horticultura e da fruticultura, así como da agricultura ecolóxica

Publicación da iniciativa, 285, 28.03.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araujo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**, sobre a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia dun plan de fomento da horticultura e a fruticultura, así como de agricultura ecolóxica.

A agricultura galega está moi pouco diversificada. Existe un predominio absoluto do sector lácteo cos riscos que isto leva consigo no contexto de crise que padecemos no que o peche de explotacións deleite suporía agravar máis o despoboamento e a desvertebración do medio rural.

Cada ano, Galiza ten unha balanza alimentaria negativa de 900-1000 millóns de euros.

Unha parte importante é debida á alimentación animal, soia e millo importados, pero tamén se importan diariamente grandes cantidades de hortalizas e froitas, moitas das cales poderían ser producidas aquí.

Ao mesmo tempo, as terras con maior aptitude agronómica seguen a abandonarse ou se usan para incrementar o monocultivo de eucalipto.

Acadar o obxectivo de equilibrar esa balanza crearía miles de empregos no rural. Para iso, débense implementar plans sectoriais específicos para o fomento da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2018 10:27
Nº Rexistro: 28345
Data envío: 22/03/2018 10:27:37.808



Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que ten feito a Xunta de Galicia nos últimos anos a favor da horticultura e a fruticultura, así como da agricultura ecolóxica?

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araujo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 21/03/2018 19:44:01

Antón Sánchez García na data 21/03/2018 19:44:15

Paula Quinteiro Araújo na data 21/03/2018 19:44:23

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 28702(10/POC-004607)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para resolver as solicitudes de axuda para a retirada dos montes da madeira queimada sen valor comercial, as súas intencións en relación coa asunción da súa trituración cando as comunidades de montes non sexan quen de sacala polos seus propios medios e a súa opinión respecto da posibilidade de modificar, en casos de urxencia por incendios forestais, o seu sistema de comercialización en montes con convenio contando coa participación das comunidades de montes

Publicación da iniciativa, 289, 11.04.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:19
Nº Rexistro: 28702
Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Pasados máis de catro meses dos lumes que calcinaron amplas superficies de monte en todo o País, unha parte importante da madeira queimada continúa a agardar por ser retirada. Este problema agudízase nos montes veciñais conveniados coa Xunta porque a Administración está a convocar con extrema lentitude as poxas para a corta dos lotes afectados.

Mentres que nos montes veciñais en man común xestionados pola veciñanza comuneira, a madeira queimada estase sacando a tempo e a prezos razoables, nos montes veciñais conveniados xestionados pola Administración Forestal aínda está sen sacar e desprezando o seu valor económico día a día. Este feito amosa a lentitude e ineficacia da xestión da Administración Forestal.

O descontento das comunidades de montes conveniados por estes retrasos na corta e saca da madeira queimada vai crescendo a medida que pasa o tempo pois os retrasos nas cortas están desprezando a madeira de valor comercial aumentando así as perdas xa considerables dos incendios.

Esta ineficacia na xestión da Administración nos montes veciñais en man común conveniados, vai significar que o valor económico que sacarán as comunidades de



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:19
Nº Rexistro: 28702

Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

montes por esta madeira queimada, ha ser raquíptico .Se todo o sector “montes”(incluíndo a industria da madeira), entende que cos lumes ninguén sae beneficiado, entendemos que sería o momento de que a Consellería do Medio Rural e a industria madeireira asinasen un pacto mediante o cal, a industria da madeira se comprometese, cando a xestione a Consellería do Medio Rural, a saca-la madeira queimada, polo mesmo valor con que a sacaron nos montes veciñais sen consorcios e/ou convenios. Se de verdade os lumes non benefician a ninguén, este compromiso non sería difícil de cumprir .

A deixadez e falta de eficiencia vese acrecentada pola lentitude na resolución das solicitudes de axudas convocadas no outono pasado para a retirada desta madeira queimada sen valor comercial.

A Administración galega comprometeuse a asumi-la trituración desta madeira que as Comunidades de Montes non fosen quen de sacar polos seus propios medios. Non sabemos aínda se foron palabras que leva o vento ou falas firmes de compromiso.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Cando ten previsto a Xunta de Galicia resolve-las solicitudes de axudas para a retirada da madeira queimada sen valor comercial?

-Ten previsto asumi-la trituración da madeira queimada sen valor comercial que as Comunidades de Montes non sexan quen de sacar polos seus propios medios?

-Que opina o goberno galego da posibilidade, en casos de urxencia por incendios forestais tales como os acontecidos no pasado mes de outubro de 2017, de modificar o sistema de comercialización da madeira en montes con convenio contando



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:19
Nº Rexistro: 28702

Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

coa participación das comunidades de montes, para lograr a saca rápida da madeira queimada?.

-Parécelles lóxico nestas situacións extraordinarias e urxentes realizar poxas a risco e ventura, coa tardanza que implica ante a necesidade de medición de toda a madeira?.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/04/2018 13:16:22

María Montserrat Prado Cores na data 03/04/2018 13:16:28



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/04/2018 13:19
Nº Rexistro: 28702

Data envío: 03/04/2018 13:19:37.242

Ana Pontón Mondelo na data 03/04/2018 13:16:30

Olalla Rodil Fernández na data 03/04/2018 13:16:32

Noa Presas Bergantiños na data 03/04/2018 13:16:33

Xosé Luis Bará Torres na data 03/04/2018 13:16:35

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 04.05.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 29114(10/POC-004664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para lles evitar ás explotacións agrarias que fan transferencia dos dereitos de pagamento único dentro da mesma explotación ou sociedade o prexuízo económico que lles está a ocasionar a súa inclusión na liquidación e no pagamento da cota tributaria correspondente co IRPF

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os dereitos que na actualidade ten cada explotación e que para cobralos teñen que cumprir uns requisitos, é dicir, manter unha actividade agraria, ter en boas condicións as superficies declaradas e outras, para producir alimentos que a UE entende necesario incentivar.

As axudas da PAC no seu conxunto, son axudas compensatorias para realizar actividades, relacionadas co coidado do medioambiente.

O Ministerio de Facenda entende que eses dereitos son un activo intanxible e cando se produce un cambio de perceptor dá lugar a un incremento patrimonial por parte de quen transmite, independentemente de si a explotación segue sendo a mesma ou non, de si a transmisión se produce entre conxugues en réxime de gananciais ou non, ou se esa explotación era persoa física e pasa a ser xurídica.

A cesión de dereitos adoita facerse xunto co cambio de titularidade administrativa da explotación agraria no seu conxunto, normalmente como consecuencia do cese da actividade do seu titular por incapacidade, xubilación, etc. Na maior parte dos casos esta cesión faise a favor dun membro da unidade familiar, producíndose un simple cambio de titularidade administrativa, tanto da explotación como dos dereitos de pago único.

É moi común a cesión de dereitos entre conxugues casados en réxime de gananciais; nestes casos a pesar de que tanto a explotación como os dereitos de pago único teñen carácter de gananciais e resulta claro que continúan pertencendo á sociedade de gananciais a pesar do cambio de titularidade administrativa. A AEAT entende que existe transmisión e esixe o pago pola ganancia patrimonial que nunca se produciu.

O mesmo ocorre coas achegas á sociedades (normalmente civís) na que continua participando o mesmo titular dos dereitos.

Hai que subliñar que no impreso denominado “Comunicación de cesión de dereitos de pago único” e establecido pola Xunta de Galicia, recóllense diferentes supostos para rexistrar a cesión entre os que se atopa: cambio de denominación ou personalidade



Grupo Parlamentario

xurídica (matrimonios en réxime de gananciais e explotacións de titularidade compartida.

A AEAT entende que os dereitos de pago único son un elemento patrimonial afecto á actividade agropecuaria e que o dereito de percepción constitúe un activo intanxible (como un dereito de propiedade industrial ou intelectual).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A natureza xurídica dos dereitos de pago único é difícil de encadrar e varía segundo se analice desde o dereito civil, administrativo ou desde o dereito comunitario, pero o certo é que desde o acordo coa normativa europea que os regula teñen unha finalidade remuneratoria ou compensatoria da actividade agropecuaria, dando lugar a un dereito de pago periódico ou dereito de crédito fronte á Administración, a crédito monetario que os afasta do concepto de activo inmaterial.

Por todo iso, os deputados que asinan preguntan:

Que ten pensado facer o Goberno galego para rematar con esta situación que provoca un grave prexuízo económico ás explotacións que fan transferencia dos dereitos de pago único dentro da mesma explotación ou sociedade?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 10/04/2018 10:56:24

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/04/2018 10:56:34